



**INFORME TÉCNICO E ARTÍSTICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN
MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABIERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO,
PRODUCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DO ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO DO 31 DE XULLO
DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2014 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

INTRODUCIÓN.

O obxecto do contrato comprende a realización do servizo cultural de deseño, producción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico do Apóstolo 2014 da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar a noite do 31 de xullo.

Preséntanse para a súa valoración seis propostas realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- RICASA PIROTECNIA (Ricardo Caballer, S.A.)
- 2.- PIROTECNIA ROCHA AREAS, S.L.
- 3.- PIROTECNIA PENIDE, S.L.
- 4.- FOCS D'ARTIFICI EUROPLA, S.L.
- 5.- PIROTECNIA PABLO, S.L.
- 6.- PIROTECNIA LÓPEZ, S.L.

A. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Faise unha análise das propostas presentadas no sobre de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números 1,2 e 3 valorados con un máximo de 30 puntos que se distribúen da seguinte maneira:

- **Criterio nº 1. Idea.....10 puntos**
Valorarase a creatividade do espectáculo: sincronización, banda sonora e desenvolvemento do mesmo dende o comezo ata a apoteose final.
- **Criterio nº 2. Medios técnicos.....10 puntos**
Valorarase a formación e especialización do persoal, medios técnicos utilizados e tecnoloxías de última xeración.
- **Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos.....10 puntos**
Valorarase o número de unidades, pesos e será necesario aportar fotografías ou debuxos dos conxuntos ou efectos.



ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PROPOSTAS.

1.- RICASA PIROTECNIA (Ricardo Caballer, S.A.)

- *Criterio nº 1. Idea: "AS CATRO ESTACIÓNS DO RECORDO"*

Articúlase esta temática en cinco partes: I. Inverno; II. Primavera; III. Verán; IV. Outono; V. Apoteose final.

Faise unha descripción pormenorizada de cómo irá transcurrindo o espectáculo, as imaxes que irán aparecendo e as sensacións que se pretenden lograr no público.

A duración do espectáculo da noite do 31 de xullo é de 22 minutos.

Presentan unha temporización detallada do espectáculo do 31 de xullo sincronizando os efectos alumínicos, pirotecnia e música así coma unha descripción dos artefactos pirotécnicos a utilizar.

Puntuación 6 puntos

- *Criterio nº 2. Medios técnicos*

Os medios técnicos previstos (formados por 3 equipos de proxección de vídeos de alta potencia, equipos de luz e torres de son cunha potencia total de 40.000 W) están descritos na memoria e considéranse de última tecnoloxía e axeitados para o evento.

Medios humanos: 14 persoas entre pirotécnicos (10) e técnicos de son (4).

Puntuación..... 8 puntos

- *Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos*

Para os fogos do 31 de xullo preséntase un listado moi detallado:

- Peso neto explosivo: 874,76 kg
- Unidades produto: 2.518

Presentan unha ampla reportaxe fotográfica

Puntuación..... 8 puntos

Puntuación total da proposta da empresa RICASA PIROTECNIA..... 22 puntos



2.- PIROTECNIA ROCHA AREAS, S.L.

- **Criterio nº 1. Idea (SEN TÍTULO NIN TEMÁTICA ESPECÍFICA)**

As 9 secuencias son:

1. *Atma dja* (*Circo del Sol*); 2. *Alegria* (*Circo del Sol*); 3. *Entre dos aguas* (*Paco de Lucía*);
4. *Girl on fire* (*Alicia Keys*); 5. *Violín fantasy* (*Vanessa Mae*); 6. *España cañí* (*música popular*); 7. *Yellow* (*Cold Play*); 8. *Now we are free* (*Gladiator*); 9. *Piratas del Caribe*.

A duración do espectáculo multimedia da noite do 31 de xullo é de 22 minutos.

Puntuación..... 5 puntos

- **Criterio nº 2. Medios técnicos**

Equipamento técnico de iluminación, proxección e son: non informan do seu equipamento nin tecnoloxía a utilizar.

Medios humanos: 7 traballadores. Considérase suficiente e ca capacidade técnica suficiente.

Puntuación..... 6 puntos

- **Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos**

A empresa adicará ao espectáculo 970 kg de peso bruto.

Unidades do produto: 2.691 unidades con 140 efectos totais.

Puntuación..... 8 puntos

Puntuación total da proposta da empresa PIROTECNIA ROCHA AREAS. 19 puntos

3.- PIROTECNIA PENIDE, S.L.

- **Criterio nº 1. Idea (SEN TÍTULO NIN TEMÁTICA ESPECÍFICA)**

A proposta ten 6 números musicais de diversos estilos que se sincronizarán coas diversas pirotecnias. Pretende diversificar os gustos musicais para atraer tanto a persoas adultas como novas con estilos moi diversos.

É unha proposta lóxica pero algo máis curta que o resto das empresas.

A duración do espectáculo multimedia da noite do 31 de xullo é de 16 minutos.

Puntuación..... 5 puntos

- **Criterio nº 2. Medios técnicos**

A proposta conta con 22 persoas adicadas ao proxecto. Incluso conta con seguridade privada (3 persoas) e vallas para o acordoador do recinto, etc.



Os medios técnicos son suficientes e contan cun equipo de 60.000 W de potencia.

Puntuación.....8 puntos

- ***Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos***

Presentan 1.236,40 kg de peso bruto, 3.219 unidades e 8 secuencias e 48 conxuntos pirotécnicos.

Puntuación.....8 puntos

Puntuación total da proposta da empresa PIROTECNIA PENIDE, S.L..... 21 puntos

4.- FOCS D'ARTIFICI EUROPLA, S.L.

- ***Criterio nº 1. Idea (SEN TÍTULO NIN TEMÁTICA ESPECÍFICA)***

Os fogos coordínanse individualmente con cada un dos temas musicais. Propoñen, se así fora decidido polo Concello, cambiar temas musicais por outros ofertando unha lista alternativa de temas e cantantes.

A duración do espectáculo multimedia da noite do 31 de xullo é de 23 minutos.

Puntuación.....5 puntos

- ***Criterio nº 2. Medios técnicos***

Propoñen adicar un total de 17 persoas (3 de son e 14 pirotécnicos) con un equipo de 100.000 W de potencia.

Presentan equipos técnicos de son e imaxe adecuados e incluso aportan fontes de alimentación enerxética externas ante a posibilidade de fallos ou situacíons climatolóxicas adversas.

Puntuación.....8 puntos

- ***Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos***

A empresa oferta 685 kg de peso bruto e 13.792 unidades de disparo.

Puntuación.....7 puntos

Puntuación total da proposta da empresa FOCS D'ARTIFICI, EUROPLA,S.L... 20 puntos

5.- PIROTECNIA PABLO, S.L.

- ***Criterio nº 1. Idea (SEN TÍTULO NIN TEMÁTICA ESPECÍFICA)***

Neste caso 10 cancións servirán para ir desenvolvendo o espectáculo con autores clásicos, pop, guitarra española, artistas internacionais, etc.

A duración do espectáculo multimedia da noite do 31 de xullo é de 20 minutos.

Puntuación.....5 puntos



- ***Criterio nº 2. Medios técnicos***

Ofertan 36.000 W de potencia, 8 persoas para todo o espectáculo pero de xeito gratuíto propoñen un DJ para facer unha festa de 4 horas de duración ao remate do espectáculo.

Puntuación.....8 puntos

- ***Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos***

Presentan na súa proposta 1.083 kg brutos de material e 11.216 unidades pero aportan poucas fotos do espectáculo.

Puntuación.....7 puntos

Puntuación total da proposta da empresa PIROTECNIA PABLO, S.L..... 20 puntos

5.- PIROTECNIA LÓPEZ, S.L.

- ***Criterio nº 1. Idea (AS CATRO ESTACIÓN DO RECORDO)***

Presentan un proxecto idéntico ao da empresa PIROTECNIA RICASA

Outórgase a mesma puntuación.

Puntuación.....6 puntos

- ***Criterio nº 2. Medios técnicos***

Oferta 7 persoas pero non da máis datos nin de equipos de son nin de tecnoloxía a utilizar.

Puntuación.....6 puntos

- ***Criterio nº 3. Artefactos pirotécnicos***

Presentan na súa proposta 874 kg netos de produto e 2.518 unidades de producto. Non presentan apenas fotografías dos conxuntos nin efectos.

Puntuación.....8 puntos

Puntuación total da proposta da empresa PIROTECNIA LÓPEZ, S.L..... 20 puntos



RESUMEN DE VALORACIONES

As puntuacións totais asignadas son:

| REFERENCIAS TÉCNICAS (0-30) | PIROTECNIA RICASA | PIROTECNIA ROCHA AREAS | PIROTECNIA PENIDE | FOCS D'ARTIFICI | PIROTECNIA PABLO | PIROTECNIA LÓPEZ |
|---|-------------------|------------------------|-------------------|-----------------|------------------|------------------|
| Criterio nº 1. IDEA (0-10 puntos) | 6 | 5 | 5 | 5 | 5 | 6 |
| Criterio nº 2. MEDIOS TECNICOS Personal, equipamento técnico, etc. (0-10 puntos) | 8 | 6 | 8 | 8 | 8 | 6 |
| Criterio nº 3. ARTEFACTOS PIROTÉCNICOS (0-10 puntos) Unidades, pesos, conxuntos e efectos | 8 | 8 | 8 | 7 | 7 | 8 |
| PUNTUACIÓN TOTAL | 22 | 19 | 21 | 20 | 20 | 20 |

B. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

OFERTA ECONÓMICA

O único criterio é o prezo cunha puntuación total máxima de 30 puntos.



| | PIROTECNIA RICASA | PIROTECNIA ROCHA AREAS | PIROTECNIA PENIDE | FOCS D'ARTIFICI | PIROTECNIA PABLO | PIROTECNIA LÓPEZ |
|-----------------------------|----------------------|---------------------------|---|--------------------|---------------------|---------------------|
| 1ª oferta | 22.900 € | 22.900 € | 20.400 € | 21.900 € | 19.752 € | 22.900 € |
| 2ª oferta | | | Reducción do 5% (1.020 €) 19.380 € | 19.900 € | | |
| PUNTUACIÓN FINAL | 27 | 27 | 30 | 28 | 29 | 27 |

PUNTUACIÓN TOTAL DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN E NEGOCIACIÓN

| | PIROTECNIA RICASA | PIROTECNIA ROCHA AREAS | PIROTECNIA PENIDE | FOCS D'ARTIFICI | PIROTECNIA PABLO | PIROTECNIA LÓPEZ |
|------------------------------------|----------------------|---------------------------|----------------------|--------------------|---------------------|---------------------|
| CRITERIO DE VALORACIÓN | 22 | 19 | 21 | 20 | 20 | 20 |
| CRITERIO DE NEGOCIACIÓN | 27 | 27 | 30 | 28 | 29 | 27 |
| PUNTUACIÓN FINAL | 49 | 46 | 51 | 48 | 49 | 47 |

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

Enrique Vázquez Naveira
Director de Fiestas